

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

EXTRACTO da Orde do 5 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos de Galicia e ás súas entidades públicas con personalidade xurídica propia e agrupacións de concellos, para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018.

BDNS (Identif.): 379282.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. *Entidades beneficiarias*

Concellos de Galicia e as súas entidades públicas, así como as agrupacións de concellos, titulares de locais culturais, cunha programación estable ao longo do ano.

Segundo. *Finalidade*

A concesión de axudas, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas á mellora e equipamento dos locais das corporacións locais e das súas entidades públicas con personalidade xurídica propia para o ano 2018, no que atinxe á mellora do equipamento e das dotacións técnicas dos locais destinados a actividades culturais.

Para os efectos desta convocatoria, enténdese por locais de corporacións locais e das súas entidades públicas con personalidade xurídica propia aqueles que son propiedade das citadas entidades, sitios en Galicia e que contribúan ao fomento da cultura en Galicia.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde do 5 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos de Galicia e



ás súas entidades públicas con personalidade xurídica propia e agrupacións de concellos, para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018.

Cuarto. Importe

Para a concesión das subvencións convocadas destinarase un crédito total de 500.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 10.20.432B.760.0.

A axuda máxima por beneficiario que concederá a consellería será de 30.000,00 € que en ningún caso poderá superar o 75 % do orzamento total do proxecto subvencionable. Este importe de 30.000,00 € ascenderá a 35.000,00 € cando se trate de solicitudes conxuntas, é dicir, solicitudes presentadas conxuntamente por máis dunha entidade local baixo calquera fórmula (agrupación, asociación, mancomunidade, fusión ou calquera outra similar). O importe máximo destas axudas non poderá, en ningún caso, superar o custo das actividades que desenvolvan as entidades beneficiarias.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

Un mes desde o día seguinte ao da publicación deste extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2017

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

